



CIRCULAR INFORMATIVA 22/05/2018

Estimadas familias:

A Orde do 09 de maio de 2018 da Consellería de Cultura, Educación e O.U. (DOG 21/05/2018) regula o fondo solidario de libros e a axuda para adquirir libros e mercar material escolar para o próximo curso 2018/19.

- **Fondo de libros de texto** para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria asignados por orde inversa á renda per cápita de 2016 ata agotar existencias.
- **Axudas para adquirir libros de texto** para o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria, non superando os límites de renda per cápita do 2016 (ata 5.400€ ou 9.000€).
- **Axudas para adquirir material** escolar para o alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria non superando a renda per cápita de 5.400€.
- Requisitos para acollerse a esta convocatoria:
 - Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000€. (Casillas 392+405 da Renda de 2016 e dividida entre o número de membros da unidade familiar).
 - Ter devolto, EN BO ESTADO, os libros de texto de 3º, 4º, 5º e 6º EP recibidos do fondo solidario no curso actual 2017/18. Devolveranse os libros polas familias os últimos días de clase, a partir do 18 de xuño.
- **Documentación:**
 - Modelo ED330B (facilítase copia na secretaría ou pódese descargar desde o portal educativo). Solicitud única por familia cos alumnos/as matriculados no mesmo centro.
 - Orixinal e copia completa do libro de familia ou outra documentación que xustifique a unidade familiar (volante de convivencia).
 - De denegar a consulta, certificado de minusvalía, resolución de incapacidade ou documentación de pensionista, DNI, renda...
 - No caso de violencia de xénero, documentación acreditativa.
- **Prazo de presentación de solicitudes:** ata o día 22 de xuño de 2018. Tamén pódese presentar na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- **Obriga dos beneficiarios:** conservar os libros en bo estado e incorporalos, ao rematar o curso 2018/19, ao fondo solidario do centro.
- Publicación da **Listaxe Provisional do Fondo de libros:** ata o 12/07/2018.



- **Publicación da Listaxe Definitiva do Fondo de Libros:** ata o 20/07/2018.
- **Entrega dos libros do fondo:** inicio do curso 2018/19.
- **Entrega dos vales:** tan asiña como a aplicación o permita.
- **Poden presentar solicitude no centro o alumnado que esté cursando 5 anos, 1º, 2º, 3º, 4º e 5º. Os alumnos/as de 6º presentarán no IES no que estean admitidos.**

Un saúdo

A DIRECCIÓN